

Bloque

Barro

Nº 13 # 2º etapa # Novembro de 2010



impresso postal sen enderezo

A mala xestión do PP pon ao Concello de Barro ao borde da quebra económica

O Concello de Barro arrastra décifs en todas as súas contas anuais, empezando no ano 1997, con 23.000 euros.

No ano 2002 ese desfase económico chegou a máis de 300.000 euros, e nas contas do 2009 xa era de preto de 1,2 millóns de euros, o que supón a terceira parte do orzamento dese ano, ou máis da metade do orzamento para o 2011.

A mala xestión do goberno municipal leva a que, a pesar dos anos de bonanza económica que tivemos, os veciños e veciñas non contan cos servizos necesarios e nos atopamos no ano 2010 con graves problemas de liquidez para pagar os gastos básicos do Concello.

Esta situación provocou que se tivese que recorrer a unha póliza de creto de 300.000 euros, poñendo como garantía as expropiacións que se van cobrar da Xunta polo polígono de Curro.

Resulta sorprendente que, para os orzamentos de 2011 se destaque como novidade eses 300.000 euros que, segundo o alcalde, van servir para facer investimentos. Unha de dúas, ou serven para pagar os gastos diarios ou serven para facer in-



vestimentos; evidentemente as dúas cousas non poden ser.

O goberno municipal do PP agacha os 700.000 euros de facturas pendentes de pagar, o que inviabiliza os orzamentos aprobados para 2011

Nestes momentos están pendentes de pagar facturas por importe de 700.000 euros, pero no orzamento de 2011 non se reserva ningunha partida para pagalas. Se sumamos eses 700.000 euros co 1.500.000 previstos para gastos correntes, o

orzamento de pouco máis de 2 millóns de euros xa non chega, polo que o apartado previsto para investimentos é irrealizábel.

Unha vez pagados os gastos correntes non haberá cartos para investimentos

Xa no informe técnico do plan de saneamento que acompañaba o orzamento de 2010 se citaba entre outros exemplos de mala xestión económica o costume de aprobar ano a ano uns orzamentos inflados, falseados e irrealizábeis.

Pola negligencia do PP, o Concello aínda non cobrou os 36.000 euros que tiña que pagar a empresa que organiza o mercadiño do San Antoniño. Estes cartos servirían para pagar parte das facturas e convenios que se deben ás empresas e entidades do noso concello

Esta mala xestión económica do PP situa ao Concello de Barro con graves problemas de liquidez, o que dificulta o pago de facturas e convenios con diversas entidades, e mesmo o facer fronte aos gastos básicos, imprescindíbeis do funcionamento municipal.

O PP de Barro está a favor de que se cobre a auga dos pozos e traídas veciñais

O alcalde e o Partido Popular de Barro defenderon abertamente no Pleno do Concello a postura da Xunta de cobrar polos pozos particulares e as traídas veciñais, ao tempo que haberá que pagar un canon moi alto pola auga das traídas municipais.

A falta de coraxe política do alcalde quedou, unha vez máis, de manifesto, ao pregarse aos desígnios do seu partido nun tema que vai afectar, e moito, ás economías familiares, máxime nunha época de profunda crise económica como a que estamos a vivir.

Xa que o PP, nos case 30 anos que leva gobernando non foi capaz de dotar do servizo de auga potábel, o menos que podía facer é negarse a que se lle cobre aos veciños polas solucións particulares que tiveron que buscar, gastando moito diñeiro dos seus petos.



O Portavoz Municipal de Barro, xunto a outros membros do BNG entregando sinaturas contra a Lei de Auga, nas oficinas da Xunta en Pontevedra

O BNG informa a veciñas e veciños e lanza unha ofensiva política para modificar a Lei de Augas

Mentres o PP subía brutalmente os impostos coa aprobación da nova Lei de Augas, o BNG informaba aos veciños e veciñas sobre o seu contido e comezaba unha recollida de sinaturas para amosar a disconformidade da

poboación cunha lei tremendamente inxusta, que unicamente ten afán racadatorio.

Paralelamente a este proceso de información e recollida de sinaturas, o BNG presentou no Parlamento unha batería de enmendas para tentar modificar o carácter lesivo desta lei.

O PP volve deixar fóra dos orzamentos da Xunta a mellora da PO-531



O BNG pide no Parlamento partidas económicas para a mellora da PO-531 e a urbanización da estrada vella de Outeda

En vía morta. Así está a tan necesaria mellora da PO-531, tras o acceso do PP ao goberno da Xunta.

Xa o pasado ano, o BNG denunciaba que as partidas para a súa mellora desapareceran dos orzamentos da Xunta. As posteriores promesas do PP de que as obras se empezaría no ano 2011 quedaron, outra vez, en saco roto.

Un ano máis, o PP esquecese deste tan necesario vial e non contempla nin un euro para a súa execución. Tampouco aparece recollido no orzamento do PP a urbanización da estrada vella en Outeda, desde a N-550 até a entrada da autoestrada, que estaba comprometida polo anterior goberno da Xunta.

Unha vez máis as necesidades do noso concello fican esquecidas dos plans da Xunta do PP.

Como os orzamentos do 2011 desmenten as falsas promesas de que as obras comezarían nese ano, agora prometen que estarán rematadas no 2013, pero sen dicir onde está o diñeiro. E mentres, esa estrada sigue a soportar grande cantidade de tráfico, con moitos problemas de seguranza para vehículos e peóns.



O río Chaín este setembro mostraba un caudal a todas luces insuficiente para subministrar de auga ao polígono

O polígono industrial non ten garantido o subministro de auga todo o ano

Cando comezou a construción do polígono industrial de Barro-Meis, a Deputación de Pontevedra carecía de solucións para dotalo de auga potábel, xa que a certificación emitida polo goberno municipal de Barro na que se garantizaba a capacidade do propio concello para subministrar auga ao polígono, demostrouse falsa.

Xa en 2008 o BNG presentou unha iniciativa no Concello na que se esixía da Deputación que deixase resolto un subministro con garantías antes de que o polígono entrase en servizo. A raíz desta iniciativa a Deputación elaborou e aprobou un proxecto para subministrar auga, pero desde o río Chaín, no concello de Portas, no que se investirían 3'3 millóns de euros.

O BNG califica de estrago de diñeiro público facer unha obra que non garantiza o subministro de auga todo o ano

Desde o primeiro momento, o BNG denunciou que a opción elixida pola Deputación non era axeitada, xa que durante os meses de verán o río Chaín vai moi mingaado e non ten caudal suficiente para garantir os 40 litros por segundo que necesita

o polígono.

Por se fose pouco, a distancia e o grande desnivel existente entre o punto de captación e o depósito que se pretende construír en Curro (170 metros) obrigaría a realizar bombeos moi potentes, que terían un complexo e costoso mantemento.

Xa daquela o BNG plantexaba como a opción máis racional e económica realizar o subministro desde o Pontillón do Castro, no concello de Pontevedra, que ten auga suficiente

para garantir o subministro os 12 meses do ano e non habería que facer ningún bombeo.

O Presidente da Deputación, Rafael Louzán, recoñece a falla de caudal do río Chaín

En setembro deste ano, o BNG insistía na falla de caudal do río, e enviaba aos medios de comunicación fotografías nas que se observaba claramente o limitado caudal do Chaín. Curiosamente, un día despois de publicada a denuncia, o propio Presidente da Deputación recoñecía publicamente que habería que buscar auga noutro sitio.

Para o BNG é inconcebíbel que Augas de Galiza, que recoñece que a solución idónea sería a que propuxo no seu día o BNG (levar auga desde o Pontillón do Castro), aprobe e financie unha obra que se sabe de antemán non resolverá de forma definitiva os problemas de subministro ao polígono e terá un mantemento moi costoso.

Tampouco servirá para levar auga potábel con garantías ás parroquias

O BNG sempre defendeu que habería que aproveitar as obras para levar auga potábel ao polígono para que se poidesen beneficiar da mesma os nosos veciños e veciñas.

Evidentemente, a obra impulsada pola Deputación e financiada por Augas de Galiza no río Chaín, ademais de non prestar un servizo axeitado ao polígono, impedirá que os veciños e veciñas de Barro poidan contar con auga potábel durante todo o ano a través da traída municipal.

A nova Lei de Augas do Goberno do PP disparará a factura da auga para os veciños e veciñas de Barro

O Partido Popular aprobou en solitario no Parlamento de Galiza a Lei de Augas, que ten como único obxectivo aumentar a capacidade recadadora da Xunta, facéndonos pagar a todos os veciños e veciñas un imposto sobre a auga.

Esta suba de impostos que o PP introduce coa nova Lei de Augas vai multiplicar por tres o actual canon para todos os usuarios que teñan abastecemento e saneamento público, pasando dos 100 euros ao ano para vivendas de 4 persoas.

Ademais, os titulares das captacións propias e pozos particulares, terán que pagar o canon da auga e instalar contadores homologados. De non facelo no prazo de 6 meses o canon liquidaráselle polo método de estimación obxectiva. A instalación dun contador homologado será obrigatorio no caso de que Augas de Galiza así o estime oportuno e, en caso de non facelo, o usuario poderá ser sancionado con multas de até 30.000 euros. Os titulares das traídas colectivas pasan a ser responsábeis solidarios do pago do canon por parte dos usuarios.

Todos os usuarios e usuarias de auga van ter que pagar estes novos impostos xa que se suprimen as exencións que actualmente están vixentes, que beneficiaban ao rural. Así:

- No novo canon de auga non se exclúe de pagar o imposto a ningún

núcleo rural, nin aos de menos de 2.000 habitantes exentos do canon de saneamento na actualidade, nin tan sequera aos de 500 habitantes que excluía a lei de 1993. O BNG presentou unha enmenda que foi rexeitada polo PP e que eximía de pagar o canon a todos os núcleos de poboación inferiores a 2.500 habitantes, e que implicaría que todo

de saneamento, mentres este non entre en funcionamento.

Alberto Núñez Feijoo, que até o de agora non fixo máis que eliminar os servizos públicos creados polo anterior Goberno galego participado polo BNG, agora impón unha mala lei para todos e todas, sen consensuala con ninguén e sen informar á cidadanía do que lle agarda. Unha lei que o único que busca é aumentar os impostos que cobra a Xunta facéndoos recaer sobre a maioría social. A Lei de Augas do PP non supón ningún beneficio para os usuarios e tampouco introduce modificacións desde o punto de vista ambiental nin da protección dos recursos hídricos.

O BNG solicitou a retirada desta Lei no Parlamento Galego e nos diferentes concellos presentando mocións que, como Barro, foron rexeitadas polo PP. O PP critica nos medios de comunicación ao Goberno central por subir os impostos, mentres que en Galiza actúa cinicamente subindo de xeito desproporcionado un imposto sobre a auga sen ter en conta a capacidade económica do consumidor, pero iso si, báixalle os impostos aos que máis teñen.

Soamente o BNG se achegou aos veciños e veciñas, realizando charlas informativas no concello, para trasladarlles o que suporá esta lei nun futuro próximo.

Futuro que por suposto non será até despois das eleccións municipais.



o rural quedaría exento de pagar o Canon da Auga.

- Tampouco se exclúen do pago aos núcleos rurais que non teñan rede

Como contactar co BNG de Barro:

Teléf. 620 262 802

bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.

15703 Santiago de Compostela. 981 555 850

www.bng-galiza.org

nacional@bng-galiza.org

